

UNIDADE DIDÁCTICA DA
OBRA “BROKEBACK
SABUCEDO, PAIXIÓN ENTRE
BESTAS”

Contidos

1. BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS.....	1
2. BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS: PROPOSTA DIDÁCTICA.....	22
2.1. POR QUE PAIXÓN ENTRE BESTAS?.....	22
2.2. QUE IMOS VER?.....	22
2.3. QUE CONTIDOS IMOS TRABALLAR?.....	23
2.4. A QUE CURSOS VAI DIRIXIDA?.....	24
2.5. CALES SON OS NOSOS OBXECTIVOS EDUCATIVOS CON ESTA OBRA?.....	25
2.6. CALES SON AS NOSAS PROPOSTAS METODOLÓXICAS?.....	26
3. DIDÁCTICAS PARA A NOSA AULA.....	27
3.1. ANTES DE VER “BROKEBACK SABUCEDO...”	27
3.2. DESPOIS DE VER “... PAIXÓN ENTRE BESTAS.”	27

1. BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS

1 . VENRES

Ambiente sonoro de **xente** arrodando **os** cabalos.

VOZ EN OFF: Faládelle ás bestas!

ROI e RAFA entran e saen de escena como se **estivesen** rodeando **ás** bestas facendo unha especie de roda, ata que se atopan de fronte.

ROI: Hostia, Rafa, es ti?

RAFA: Roi? Roi Castro?

ROI: O mesmo que viste e calza.

RAFA: Canto tempo!

ROI: Abofé que si!

RAFA: Polo menos 20 anos.

ROI: Por aí irá.

RAFA: A verdade é que estás igual.

ROI: Iso dilo ti que me ves con bos ollos, pero xa peiteo canas.

RAFA: Cáenche ben as canas.

ROI: Grazas. (Ri) A ti si que te vexo cambiado, non sei, distinto. Non me digas que casaches! (Ri)

RAFA: Pois a verdade é que non.

ROI: Pois aínda mellor, estarás feito un picha brava!

RAFA: En fin! E ti que fas por aquí, segues en Madrid?

ROI: Si, sigo por alí. Vin pasar uns días na aldea, máis nada. Decateime que era a rapa e animeime a subir ao monte a polas bestas. E mira, xa atopei a primeira!

ROI ri e dálle un golpe en plan machote. RAFA semella incómodo.

ROI: E, polo que vexo, por aquí está todo igual!

RAFA: Igual, igual non está. Cando subamos xa verás a morea de tarabelas que chimpanaron por alí.

ROI semella non entender.

RAFA: Eólicos, muíños. . . Está todo cheo!

ROI: Enerxía limpa, está ben.

RAFA: Si, pero non así.

Sons de greas e homes.

VOZ EN OFF: Faládelle ás bestas!

RAFA: Atoparon outra grea!

Saen por unha banda do escenario e entran pola outra. Repiten esta acción varias veces ata ficar cansos.

ROI: Con esta xa baixaron todas as greas.

RAFA: En realidade nunca baixan todas.

ROI: Ah, non?

RAFA: Non. Hai greas que son máis salvaxes e non se deixan, ou ben escapan aos terreos máis agrestes onde os homes non poden chegar. De feito hai greas que nunca baixaron ao curro. Non coñeces a historia de Makelele?

ROI: Que Makelele? O futbolista?

RAFA: Non! Makelele é o nome que lle puxeron os aloitadores a un cabalo que sempre conseguía regatealos, escondíase nun eucaliptal e nunca conseguían sacalo ao curro, parece ser que xa **levan anos que non o atopan no monte.**

ROI: Como é?

RAFA: Pois é un garañón bravo, negro acibeche, unha besta salvaxe e fermosa. Se o vemos darémonos conta de que é el. Estou segurísimo.

ROI: Tamén pode ser que morrera.

RAFA: É posible. Pero eu prefiro pensar que está vivo e que é un cabalo libre, non sei, chámame romántico.

ROI: Romántico!

RAFA: (Ri) Paspán!

ROI: Pois hoxe non marchamos de aquí sen Makelele!

RAFA: (Ri) Como estamos!

ROI: Que? Non queres tentalo sequera?

RAFA: Está ben, está ben. Por tentalo que non sexa.

Os dous saen.

Ambiente sonoro da cume dun monte con turbinas eólicas en funcionamento.

RAFA fala mentres entran.

RAFA: Isto é un modelo de depredación do patrimonio natural e cultural. E aínda por riba non permiten as comunidades locais de enerxía.

ROI: Pero isto son cartos, riqueza para a xente. Progreso Rafa, progreso!

RAFA: Os cartos son para as catro empresas que controlan o negocio, a xente recibe as migallas e ás veces nin iso. Isto é un roubo!

ROI sorrí.

RAFA: Que?

ROI: Nada, non é nada.

RAFA: Como que nada?

ROI: Nada... Lembreime de ti, durante a folga no instituto berrándolle á xente. Só iso.

RAFA: E?

ROI: E nada.

RAFA: E tiña razón!

ROI: Si, tiñas razón.

Os dous saen.

Ambiente sonoro da cume dun monte con turbinas eólicas en funcionamento.

ROI fala mentres entra.

ROI: **Lucía**, Loreto?

RAFA: Lourdes!

ROI: Iso é, Lourdes!

RAFA: Lourdes Leiriz Branco.

ROI: Esa estaba toliña por ti. Que foi dela, sabes algo?

RAFA: Casou, este ano tiveren en clase a unha das súas fillas.

ROI: En serio?

RAFA: Si.

ROI: Non?

RAFA: Si.

Os dous ríen mentres saen.

Ambiente sonoro da cume dun monte con turbinas eólicas en funcionamento.

ROI ríe mentres entran.

ROI: Que *coñero* fuches sempre!

RAFA: **Boh**, *coñero*, *coñero*, máis ben todo o contrario. Son máis ben carallán.

ROI: Se ti sempre fuches o *ligón* do instituto!

RAFA: Pero á hora da verdade nunca facía nada.

ROI: Non te creo.

RAFA: Pois é o que hai!

Os dous saen.

Ambiente sonoro da cume dun monte con turbinas eólicas en funcionamento.

Os dous falan mentres entran.

ROI: De sabelo non quedaba aquí contigo.

RAFA: Pero a ti que raio che pasa agora?

ROI: Estas cousas dinse.

RAFA: Pero que dixer eu que non souberas xa?

ROI: Eu non sabía nada!

RAFA: Como que non?

ROI: Non!

RAFA: Non te lembras?

ROI: Que non me lembro de que?

RAFA: Despois da selectividade que pillaches unha boa chea e tiveren que levarte a casa e meterte na miña cama.

ROI: Si, e que?

RAFA: Pois aquela noite eu confeseiche que cría que era gai e ti pasáchela abrazado a min, dándome bicos e dicíndome que me querías.

ROI: Eu non me lembro diso, pero aínda que así fora esas son cousas de borrachos!

RAFA: Cousas de borrachos?

ROI: Si. E non sei a que vén esa teima de darlle voltas **ás** cousas.

RAFA: Son gai Roi. Gai, homosexual, maricón! E non pasa nada!

ROI corre e sae de escena.

RAFA: Onde vas?

RAFA corre tras del e sae de escena.

Ambiente sonoro da cume dun monte con turbinas eólicas en funcionamento.

ROI entra e cae de xeonllos sen alento. Olla ao seu redor decatándose de que está perdido e semella desesperado sen saber que facer.

As turbinas eólicas en primeiro plano sonoro converten a escena nun pesadelo.

**Ao lonxe escoitase a RAFA berrar: “Roi! Roi!”
ROI recomponse e érguese.**

ROI: Aquí!

Entra RAFA. ROI simula que procura ao cabalo.

RAFA: Estás ben?

ROI: Estou, estou! Maldito cabalo, onde se metería. . .

RAFA: Xa che dixen que era moi escorregadizo.

É hora de ir baixando.

ROI: E se durmimos aquí?

Canto hai que non dormes ao relento?

RAFA: Moito, non sei. Creo que só o fixen contigo.

Non coñecín máis ninguén con esa afección a papar frío no monte.

ROI: (Ri) Frío non vai!

RAFA: Agora non, pero xa me contarás nunhas horas.

Déitanse e ollan o ceo. Fican en silencio un cacho.

ROI: Que limpo está o ceo e que feixe de estrelas!

RAFA: Isto na cidade non se ve.

ROI: Non, ho!

Silencio.

ROI: Ti consegues distinguir as constelacións?

RAFA: Non moito. Sei que esas sete estrelas forman o carriño. Aí xusto sobre nós!

ROI: Ah si!

RAFA: A estrela que máis brilla do carriño é Polaris, a estrela polar.

ROI: Esa?

RAFA: Esa mesma. E esa liña abrancazada é a Vía Láctea.

ROI: Ah!

RAFA: O iter stellarum.

ROI: O que?

RAFA: A ruta das estrelas. Unha das historias do Códice Calixtino.

ROI: E de que vai esa historia?

RAFA: Pois conta que estaba Carlomagno preguntándose que demo sería a Vía Láctea cando de súpeto se lle apareceu o apóstolo Santiago para dicirlle que a Vía Láctea non era outra cousa que un camiño de estrelas para chegar ao seu sepulcro. E que xa estaba tardando.

ROI: (Ri) Que historia máis tola!

RAFA: É unha historia do século XII.

Neses tempos crían que a terra era plana e que remataba en Fisterra.

ROI: Aínda hai xente que o cre.

RAFA: Si, a estupidez humana é teimosa!

ROI: E moi cabezuda!

RAFA: E tanto!

ROI: A min non me mires.

Os dous rin. Silencio.

ROI: Contáronme que agora es profesor de historia.

RAFA: Contároncho ben.

ROI: A ti sempre che gustou a historia.

RAFA: (Asente) Tamén levo unha aula de diversidade sexual e afectiva no instituto.

ROI: E que lles ensinas? A ligar na discoteca? (Ri).

RAFA: Mira que es toupa!

ROI: (Ri) Como te pos, só era unha broma!

RAFA: Procuo que os meus alumnos sexan eles mesmos e que non teñan que agocharse detrás dun personaxe. Que non teñan que ser “o ligón do instituto” para ser aceptados.

ROI: Como che pasou a ti?

RAFA: Como nos pasou a todos Roi. Uns máis, outros menos, pero todos tentamos ser o que se supoñía que tiñamos que ser renunciando a nós mesmos. Tanto que ás veces rematamos por non saber quen raio somos de certo.

ROI: Tampouco creo eu que fora a cousa para tanto. Non?

RAFA: Ah non? Non foi así? Non é **así**? Cada vez que a un neno lle din que non chore que semella unha nena, que cres **que** é iso? Non cres que é algo **así** como que o peor do mundo para un neno é ser unha nena? E cada vez que lle din a un nena que non sexa marimacho que cres que significa iso? Que o peor do mundo para unha nena é ser un neno.

ROI: Pero os nenos e as nenas son distintos.

RAFA: **Todas as persoas somos diferentes. Cadaquén é un mundo**, como di a miña avoa. Non existe un único xeito de ser home ou de ser muller. Hai tantos xeitos de ser **como xente** hai no mundo. A diversidade humana é infinita, Roi. Infinita!

Soa “Hombres” de Fangoria.

Coreografía

Hay hombres que se mueven

Hay hombres que se agitan

Hay hombres que no existen

Hay hombres que no gritan

Hay hombres que respiran

Hay hombres que se ahogan

Hay hombres que ocultan la verdad

Hay hombres que roban

Hay quien apuesta fuerte y decide quererte

Sabiendo lo fácil que resulta perderte

Sabes que siempre estaré cerca de ti

Hay hombres que te compran

Hay hombres que se venden

Hay hombres que recuerdan

Hay hombres que mienten

Hay hombres que prefieren no hablar

Hay hombres que no entienden

Hay quien no tiene suerte y prefiere engañarte

Sabiendo lo fácil que resulta ganarte

Sabes que nunca me iré lejos de ti

Tienes que aprender a resistir

Tienes que vivir
Esto no lo tengo
Esto no lo hay
Esto no lo quiero
Y esto que me das
Hay quien apuesta fuerte y decide quererte
Sabendo lo fácil que resulta perderte
Sabes que siempre estaré cerca de ti
Hay quien no tiene suerte y prefiere engañarte
Sabendo lo fácil que resulta ganarte
Sabes que nunca me iré lejos de ti
Hoy hay luna llena
Y un hombre camina por ella.
Hoy hay luna llena y un hombre camina por ella, hoy hay luna llena y un hombre camina por ella.

Roi durme abrazado a Rafa.

Escóitase un rincho.

Roi esperta algo aloulado e abrazado a Rafa.

Frégase os ollos, está vendo a Makelele.

ROI: Makelele! Es tí? Tranquilo, acouga. Non che vou facer mal.

Makelele rincha, Roi vai cara onde está o cabalo, facendo xestos coas mans para calmalo.

ROI: Shh! Son o teu amigo, shh!

Outro rincho máis débil.

ROI: Así me gusta, imos levarnos ben tí e máis eu. No fondo somos moi parecidos, moita bravura por fóra e só queremos que nos dean cariño, a que si, campión? Por que

somos así? Sempre facendo un papel, sen permitirme un intre de debilidade. Non sei moi ben con que fin. Supoño que ao final é inseguridade, medos.

Dende cativo nunha loita por ser o mellor, o mellor en cousas que logo non me serviron para moito. Non quería decepcionar o meu pai, el quería que eu fose o reflexo do que el non conseguira, un home de ben, con carreira universitaria e por suposto o mellor futbolista.

Vouche contar un segredo, nunca me gustou o fútbol. Só xogaba para contentalo ~~a-el~~. Sempre me gustou debuxar. Lembro cando me quixen apuntar a clases de debuxo e meu pai anotoume na escola de fútbol da Estrada, ao principio paseino realmente mal, lembro chorar nos baños do vestiario antes de saír ao campo, pero logo víao a el na grada todo orgulloso, gritando e braceando, tan contento.

Esquecín a miña felicidade pola súa. Que curioso, nunca imaxinaría que falaría de fútbol co propio Makelele. Igual a ti tampouco che gusta regatear, loitar. Pero é o prezo da liberdade. Non é? Non, non é. Ti sempre fuches libre, e eu nunca deixei de ser un escravo, un escravo do sistema, un escravo de min mesmo.

RAFA cambia de postura.

ROI óllao.

ROI: Non sei o que me pasa con el. Teño lembranzas da adolescencia de sentir como que tiñamos un vínculo especial ou algo así, non sei. E hoxe foi velo e decatarme que ese sentimento seguía vivo en min.

Teño medo, teño medo de que sexa amor, teño medo de facerlle dano. Teño medo.

E se fose bisexual? E se me gustan os homes? E se me gusta só Rafa? E se resulta que non teño nin puta idea de nada? Esa sería boa, eh?

Makelele rincha.

ROI: Tes razón! Non hai quen me entenda.

Makelele rincha.

ROI: Marcha Makelele, corre amigo!

Makelele rincha e marcha ao galope.

ROI volve e abraza a RAFA.

2 . SÁBADO

Amence. Os dous seguen abrazados.

RAFA abre os ollos e fica ollando a ROI que aínda durme.

No móbil de RAFA soa o sinal de entrada dunha mensaxe.

RAFA dubida, pero finalmente tenta chegar ao móbil sen **espertar** a ROI. Non chega ao teléfono e remata por coller a man de ROI para quitala de enriba. ROI abre un ollo.

ROI: Que fas?

RAFA fica conxelado coa man de ROI no alto. Os dous ollan para as mans no alto. RAFA solta a man de ROI e érguese.

RAFA: Pégaste a min coma unha lapa...

ROI: E que querías? Que morrera de frío?

RAFA: Durmir aquí foi cousa túa. Pero claro, os machos de verdade dormen á intemperie, non?

ROI: Non pode haber homes que dormen á intemperie?

RAFA: Xa sabes ao que me refiro.

ROI: Eu cría que cada home podía ser como lle petara. Non era iso?

RAFA: Si, si. Non quería dicir iso, non con ese sentido.

ROI: Ai non?

RAFA: É toda a merda machista que tragamos de cativos que non hai xeito de botala fóra, por máis que limpas, sempre fica algo desa merda, sempre. Desculpa.

ROI: En fin, haberá que pensar en ir baixando. Tes pensado ir ao curro?

RAFA: Si, claro, aínda que vai ser raro para min velo dende o outro lado. É o primeiro ano que non vou como aloitador. Teño o xeonllo dereito desfeito dunha mala caída o ano pasado e non sei se poderei volver...

ROI: Eras aloitador?

RAFA: Si, xa levo case vinte rapas.

ROI: Vaia caixa de sorpresas, a verdade é que non che pega nada.

RAFA: E por que non me pega nada, pódese saber?

ROI: Xa sabes a que me refiro.

RAFA: Si, seino moi ben.

ROI: Tes razón! Dixen unha parida, unha parida.

RAFA: Unha parida machista!

ROI: Moito. Pero vou aprendendo a recoñecelas, non?

RAFA: (Asente) E ti vas vir ao curro?

ROI: A verdade é que me gustaría pero marcho mañá e hoxe teño compromisos familiares.

RAFA: Unha magoa! Perdes o mellor e a verbena.

ROI: Que se lle vai facer!

RAFA: Que se lle vai facer?

ROI: Que queres dicir?

RAFA: Eu? Nada, nada.

ROI: Pois marcho. Alégrome moito de terte atopado.

RAFA: Eu tamén.

ROI: Cóidate Rafa.

RAFA: Igualmente Roi.

ROI marcha, máis detense.

ROI: Podo facerche unha pregunta?

RAFA: **Dispara**, vaqueiro!

ROI: Por que deixamos de ser os mellores amigos?

RAFA: Buff! Despois daquela noite eu sentía moita vergoña, e ti facías como se non tivera pasado nada. Empecei a ter medo de que o contaras por aí, e ficar sendo o "mariquita" da aldea. Tiña moito medo e preferín afastarme de ti, por iso non te volvín chamar.

ROI: Eu fixen como que non me lembraba de nada. Xa sabes, as cousas das que non se fala, non existen. Non sabía como enfrontalo.

RAFA: Xa!

ROI: Boteite moito en falta.

RAFA: Eu tamén.

ROI: Pero non fun quen de chamarte. Síntoo.

RAFA: Non lle deas máis voltas, auga pasada non move muíños.

ROI: Anda, dáme unha aperta.

RAFA: Vén aquí, **fenómeno!**

Abrázanse.

ROI sae.

RAFA reproduce no móbil a mensaxe mentres sae.

OFF MARIO: Rafa, que non vou ir. Bicos!

Proxección dun curro como transición

-

Entra RAFA, leva unha tenda quechua, unha mochila e as cousas para a acampada. Deixa todo no chan, colle o teléfono e procura no Grindr.

RAFA: Bisexual con gañas. . .20 **quilómetros**. . .**Osiño** Sexy. . .Dáme Biberón. . .O Grindr é tan triste na cidade como no medio do monte!

RAFA fai unha chamada.

RAFA: Ola! Como que non vas vir, desertor? (...) Xa non tes ganas de experimentar o sexo no medio do monte? (...) Como as bestas, neno! (...) Sempre fas o mesmo (...) Non pasa nada. (...) Non, tranquilo. (...) Eu? Eu pasei a noite no monte. (...) Pois quedei a ver se atopaba a Makelele. (...) Moi ben nunca estiven, xa sabes. (...) Non, non o atopei. (...) Pero o máis interesante **vén** agora, non pasei a noite só, quedou comigo Roi. (...) Roi Castro. (...) Si atopámonos no monte e decidimos quedar.(...) Non, non. Non pasou nada. (...) Un bico, mozo, vémonos!

RAFA comeza a montar a tenda, entre tanto aparece ROI.

ROI: Ola de novo!

RAFA: Ei! E ti?

ROI: Xa sabes o que me gusta a festa. E nesa tenda penso que collemos os dous.

RAFA: Un pouco apertados pero coido que si.

ROI: Onde entra un, entran dous. Non?

RAFA: Non sempre Roi, non sempre.

ROI ri e axuda a RAFA co colchón inchable.

ROI: Habería que comer algo tamén.

RAFA: Eu tiña pensado baixar aos postos.

ROI: Un polbo prestábame agora!

RAFA: Pois polbo para todos!

ROI ri.

RAFA: Baixamos a festa, entón?

ROI: Veña!

Os dous van saíndo.

RAFA: Unha mágoa non atopar ao Makelele.

ROI: Pois aquí tes a outro semental.

RAFA: Si, todo un puro sangue.

ROI: Digamos que non estou mal.

RAFA: Sempre fuches un rapaz moi guapo, algo bravo iso si.

ROI: Bravo si, pero acabarei entrando no curro.

RAFA: E vaste deixar rapar?

ROI: Iso dependerá do aloitador que me toque.

RAFA: Vante agarrar polas crinas.

ROI: Son mellores as túas para tirar delas.

RAFA: Eu son máis de tirar e facelos rinchar.

ROI rincha. Os dous rin.

ROI: *(Dende fóra)* Imos queimar Sabucedo!

RAFA ri.

Soa unha música de verbena

RAFA e ROI entran polo patio de butacas cada un coa súa Estrella Galicia.

Ao principio fan uns movementos sexys/bizarros na escaleira, logo xa baixan ao público, poñen a xente a bailar, incluso poden facer unha conga, luces de cores, ambiente verbena.

ROI: Que non se diga que isto non é unha festa!

RAFA: Llighá!

Entran de novo en escena, chegan ao campamento bebendo e cantando o Toro Barroso.

ROI: Que festón! Había tempo que non bailaba tanto.

RAFA: Séntache ben a aldea.

ROI: A verdade é que si, non teño gana ningunha de volver a Madrid. Hoxe tiña o día para facer maletas e despedirme da familia pero quedei aquí contigo de troula. Que desastre!

RAFA: Mal non o estás a pasar, non?

ROI: Non!

RAFA: Estamos de despedida!

ROI: Non me lías Rafiña, non me lías.

RAFA: De perdidos ao río!

ROI: Non sei que andas a pensar, pero trabúcaste comigo. Aviso!

RAFA: Eu non penso en nada.

ROI: Non sei eu!

RAFA: Por aquí parece que hai alguén coa picha feita un lío.

ROI: Para nada, só que as veces a cabeza vai por un lado e o corpo por outro.

RAFA: Coma os zombis, dis?

Os dous rin a esgalla.

ROI: Ves? E que sempre me fas rir.

RAFA: Supoño que iso é bo.

ROI: Si, ho!

Os dous fican en silencio. ROI olla para RAFA. RAFA olla para ROI. ROI aparta a ollada. RAFA colle o móbil e procura algo nel. ROI óllao de esguello e semella perderse na boca de RAFA. RAFA olla para el. ROI érguese.

RAFA: Estás ben?

ROI: Si, si. Vou por unhas *birras*, Ok?

RAFA: Moi ben!

ROI marcha.

RAFA reproduce no móbil SOY LO PROHIBIDO e fai un playback, moi excesivo con pluma dabondo.

Soy ese vicio de tu piel, que ya no puedes desprender

Soy lo prohibido

Soy esa fiebre de tu ser, que te domina sin querer

Soy lo prohibido

Soy esa noche de placer, la de la entrega sin papel

Soy tu castigo

*Porque en tu falsa intimidad, en cada abrazo que le das
Sueñas conmigo*

Soy el pecado que te dio, nueva ilusión en el amor

Soy lo prohibido

Soy la aventura que llegó, para ayudarte a continuar

En tu camino

Soy ese beso que se da, sin que se pueda comentar

Soy ese nombre que jamás, fuera de aquí pronunciarás

*Soy ese amor que negarás, para salvar tu dignidad Soy
lo prohibido.*

Entre medias chega ROI cun atado de cervexas e queda mirando para RAFA. Ao rematar a canción vai cara el e comeza a bicalo dun xeito salvaxe. Rematando dentro da tenda.

XOGO DE SOMBRAS NA TENDA 1ª PARTE.

RAFA abre a cremalleira da tenda, saca a cabeza e procura algo na mochila.

ROI cólleo pola cintura e empeza a morderlle o pescozo.

RAFA: Que fas?

ROI ouvea coma un lobo. RAFA ri sen deixar de remexer na mochila.

ROI: Son un lobo!

RAFA: Es un lobo?

ROI: Un lobo famento!

RAFA ri e de súpeto atopa o que buscaba, uns condóns e uns sobres de lubricante.

RAFA: Sen condóns non hai diversión!

ROI ouvea. RAFA ri e arrástrao dentro da tenda.

XOGO DE SOMBRAS NA TENDA 2ª PARTE.

3 . DOMINGO

Amence en Sabucedo. ROI sube a cremalleira da tenda e saca a cabeza. Non ten boa cara e dóelle a cabeza. Procura na mochila de RAFA. Atopa sobres de lubricante a esgalla, un par de suspensorios que olla sorprendido, uns frascos de popper de diferentes cores, abre un e chéirao con desagrado. E no fondo da mochila por fin atopa o ibuprofeno que procuraba. No teléfono de RAFA soa o sinal de entrada dunha mensaxe. ROI olla para dentro da tenda onde durme RAFA, colle o teléfono, sepárase da tenda e dálle a reproducir a mensaxe de voz no móbil.

OFF MARIO: *(Dende o interior dun coche en marcha)* Rafa, vou de camiño, ao final quero quitarme a espiña de facelo no medio do monte como as bestas. Agarda por min aloitador. Bicos!

ROI semella decepcionado. Colle con rabia a botella de auga e engulipa o ibuprofeno. RAFA saca a cabeza fóra da tenda.

RAFA: Noites de desenfreo, mañás de ibuprofeno.

ROI: Ti sabes moito diso, non?

RAFA: De resacas?

ROI: Non, de desenfreos.

RAFA: Pois non moito, non penses.

ROI: Xa!

ROI vai pola súa roupa na tenda e comeza a vestirse en silencio.

RAFA: E agora que foi?

ROI: Nada.

RAFA: Nada?

ROI: Nada.

RAFA: Pois non o parece.

ROI: Pois é.

RAFA: Non será un caso do clásico arrepentimento **post-coito?**

ROI: Que?

RAFA: Non hai nada de que arrepentirse, Roi.

ROI: Pois eu creo que si.

RAFA: Non, non o hai. E non deberías deixarte desacougar por un sentimento de culpabilidade estéril e alleo. Só ti es o dono dos teus desexos. Os prexuizos morais son só iso, prexuizos baleiros...

ROI: Queres deixar de falar como se **estiveses** nunha das túas clases de sexo.

RAFA: Diversidade sexual e afectiva.

ROI: O que sexa! Foi un erro, isto foi un erro. Non debín vir. Ti es, ti es... Non sei quen es, é que non teño nin idea. E non sei se quero sabelo.

RAFA: E ti quen es?

ROI: Eu?

RAFA: Si, ti.

ROI: Eu non son quen era hai vinte anos. E ti tampouco.

RAFA: Home xa, pero hai cousas que non mudaron.

ROI: E outras seica mudaron de máis.

RAFA: Seica.

ROI: Ti e máis eu somos uns descoñecidos. As nosas lembranzas da mocidade son só iso, lembranzas. Historias das que ti tanto gustas.

RAFA: Estás seguro de que somos uns descoñecidos?

RAFA e ROI óllanse.

RAFA: Uns completos descoñecidos?

ROI aparta a mirada, remata de vestirse e vai saíndo con gran dignidade.

RAFA: Ei! Non me vas axudar a recoller?

ROI: Si, claro!

RAFA: creo que estou algo perdido, non te entendo Roi

ROI: que eu non son o único, ao final son un máis

RAFA: fai vinte anos que non te vexo, non pretenderías que estivera agardando por ti como Penélope a Ulises. . . **ademais**. . .que mosca te picou agora? Non estarás **celoso**!

ROI: pois a verdade é que **si**. . .sentíame especial

RAFA: e claro que es especial, sempre o fuches. . .pero comprenderás que eu teño a miña vida e que ti tes a túa, a onde voltas en horas

ROI: tes razón, a verdade **é** que non sei que me pasou, non son unha persoa **celosa**, nunca o fun

RAFA: iso é que estás namoradoooooo. . . .imposible escapar aos meu encantos (pon **morriños**)

Roi achegase e **dálle un bico nos beizos deses que soan e rin**

RAFA: Chámame tolo se queres, pero para min a rapa deste ano foi un fermoso desquite ao noso pasado.

ROI: Fermoso?

RAFA: Lindo, belido, doce, intenso, divertido, feito!

ROI: Tolo!

RAFA: TOLO!

ROI: TOLO!

RAFA: TOLO!

ROI: TOLO!

RAFA e ROI: **TOLOOOO!**

ROI reséntese da súa dor de cabeza, RAFA ri e os dous rematan por rir.

RAFA óllao e ri.

RAFA: Anda, saca de aí! Non estás afeito a vida salvaxe. Xa recollerei eu despois

ROI: Vou botarte de menos

RAFA: Malo será que non nos volvamos ver, aínda que sexa de rapa en rapa, podo ser o teu aloitador particular.

ROI: A vida é moi diferente fóra desta tenda, coido que non vai ser tan doado.

RAFA: Iso depende máis de ti que de min, eu de momento non teño pensado desaparecer de aquí

ROI: Non sería a primeira vez, langrán!

RAFA: Eran outros tempos.

ROI: Marcho entón

RAFA: Non tes fame?

ROI: Estou famento.

RAFA ouvea, ROI ouvea e os dous van saído entre risos.

Soa o móbil de RAFA. Detense e colle o teléfono. ROI adiantase uns pasos. Virase para ollar a RAFA.

RAFA: Ola Mario! (...) Onde estás? (...) Aquí, en serio? (...) Que mensaxe?

RAFA olla a ROI que evita a súa ollada.

RAFA: Non home. (...) Para nada. (...) Espérame nos postos. (...) Vai pedindo un vermú. (...) Si, que si. (...) Hai tempo para todo, non te preocupes. (...) **Ciao.**

ROI: É o teu mozo?

RAFA: Non, non. Somos máis como amigos de arroutadas. É un tipo xenial, non queres tomar un vermú connosco?

ROI: Un vermú agora?

RAFA: Si! É a hora do vermú.

ROI: Non podo.

RAFA: Un vermú coa súa ración de tortilla.

ROI: Hoxe teño que comer na casa, sen falta.

RAFA: Só un vermú. **Só un, home!**

ROI: Un vermú e marchó.

ROI: Oes Rafa. . .grazas por todo

RAFA: Grazas por que?

ROI: Por abríreme os ollos!

RAFA: (ri) Anda! Ven aquí. . .romántico! (danse unha aperta)

2. BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS: PROPOSTA DIDÁCTICA

2.1. POR QUE PAIXÓN ENTRE BESTAS?

A obra de teatro BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS quere servir para abordar entre o alumnado e a comunidade educativa a **persistencia** dun problema que segue a ser unha das causas mais importantes de acoso nas aulas: a LGTBIFobia. Con esta obra búscase tratar a diversidade sexual desde a normalización real do que de feito é, e ha de ser xa, habitual no noso entorno: unhas relacións sexoafectivas libres, respectuosas e pracenteiras. Normalizar en definitiva que a diversidade sexual das persoas, de **tódalas** persoas, non debera nunca mais ser interferida por presións sociais que coarten a liberdade de ninguén para devir en si mesmo, en si mesma.

Brokeback Sabucedo, Paixón entre bestas é tamén unha obra que rende homenaxe ao noso patrimonio e **ao** noso entorno. Os protagonistas comparten escena cos montes, cos cabalos, coa tradición. Todo o que vemos sobre o escenario forma parte do natural e do ancestral. Todo estivo sempre alí. Todo serve para coñecérmonos mellor.

Ao longo desta Proposta Didáctica queremos completar a experiencia teatral con diversas actividades previas e posteriores á representación para afondar nestes contidos.

2.2. QUE IMOS VER?

FICHA TÉCNICA

Título

BROKEBACK SABUCEDO, PAIXÓN ENTRE BESTAS

Duración

65 min

Compañía

Sal do Teatro

Dramaturxia e dirección

Rocío Romero

Texto

Santiago Telmo e Carlos Losada

Elenco

Borja Salgado e Santiago Telmo

Espazo sonoro

Álex Sobrino

Deseño de escenografía e iluminación

Rocío Romero e Álex Sobrino

Deseño

Alejandro Valverde

Responsable técnico

Álex Sobrino

Descrición:

SAL DO TEATRO presenta un espectáculo de temática LGTBIQ+ no ámbito rural de Galicia, concretamente na celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo.

Roi e Rafa son dous antigos amigos da infancia que se atopan na Rapa das Bestas en Sabucedo logo de moitos anos. Roi marchou a vivir a Madrid e Rafa segue a vivir na vila. De pequenos eran moi amigos pero foron distanciándose polas circunstancias da vida. No seu encontro en Sabucedo comezan a aflorar outro tipo de sentimentos que estaban ocultos, e dunha amizade comeza a xurdir unha paixón.

A peza busca **deixar de estigmatizar** a diversidade sexual, amosando a realidade LGTBIQ+ dende unha perspectiva realista.

Brokeback Sabucedo é un canto á diversidade, unha homenaxe a tradición galega e unha crítica á enerxía eólica.

2.3. QUE CONTIDOS IMOS TRABALLAR?

NORMALIZAR A DIVERSIDADE

A sociedade é diversa, como diversas son as culturas, linguas, tradicións, etc. Tamén as persoas somos diversas: diferentes entre nós e diferentes tamén no transcurso das nosas vidas. Non podemos esquecer que somos seres culturais, que nos modelamos en base a unhas normas culturais que cambian en función da época e tamén **da** contorna. Por exemplo, na cultura árabe-**musulmá** é normal que os homes manifesten a súa amizade colléndose da man. O que se ve como natural é só habitual. A maneira de saudarse defire segundo as culturas. En España os homes soen saudarse dándose a man. Os bicos como saúdo utilízanse cando ao menos unha das persoas dese saúdo é unha muller. Por que? É iso o natural, ou só cultural? En Bos Aires, Arxentina, os homes xoves saúdanse cun bico; e, en Francia ou en Rusia, por exemplo, dependendo da rexión poden ser entre un e catro bicos. Aínda sendo conscientes destes contrastes entre o **que é asumido como "normal" e asimilado a "correcto"** o certo é que a diferenza ao normativo segue a ser causa de discriminación.

Os centros educativos son o escenario no que a diversidade que caracteriza as nosas sociedades atopa unha primeira etapa de socialización que será fundamental para o desenvolvemento socio-afectivo do noso alumnado. Compartimos estudos con **xente moza** de diversas orixes, culturas, costumes, con modelos de familia diversos, con contextos ideolóxicos variados, con compañeiras e compañeiros con diversos corpos, diversos gustos, diversas capacidades e diversas opcións de vida. A naturalización da diversidade e o seu **carácter ancestral** é un dos eixos desta historia ambientada en Sabucedo.

A orientación sexual e a identidade de xénero son igualmente diversas. É diversa a atracción que experimentamos cara outras persoas (xa **sexa** afectiva, romántica e/ou sexual), como diverso é o xeito no que nos sentimos e identificamos (identidade de xénero). Son características intrínsecas, exclusivas e distintivas propias de cada **persoa**. Orientacións e identidades son culturalmente categorizadas e valorizadas: impóñense as maioritarias ou as que a autoridade nos fixa como norma. Porén, a diversidade sexo-afectiva e de identidade de xénero é tan só un elemento máis que constrúe a **cadaquén**. Hai moitas outras dimensións importantes **en cada persoa**: como ser unha persoa honesta, respectuosa, empática... Os

protagonistas desta obra son persoas e defínense polos seus actos, polas súas ideas, polos seus sentimentos, o seu humor, a súa empatía; polos seus gustos e desexos tamén, claro, pero non mais nin menos que por outra calquera das súas características. Normalizar a diversidade sexual é isto, reducir a súa transcendencia ao espazo que lle corresponde na vida de todos nós, simplemente baleirándoo de todos os prexuízos e discriminacións que sobredimensionaron, e para mal, o papel que representa na vida dunha persoa a súa orientación sexual.

PATRIMONIO CULTURAL e MEDIO NATURAL

A rapa das bestas de Sabucedo é unha das nosas tradicións mais ancestrais. Nela refléxase a íntima relación entre o humano e o medio, entre o social e o salvaxe, nunha tradición que se fai non desde a dominación **senón** a través da sinerxia. A preocupación pola respectuosa relación entre o humano e o medio, entre homes e bestas é outro dos temas que trata esta obra. A importancia do compromiso no respecto a un medio natural que non nos pertence **senón, máis ben ao contrario**, do que formamos parte, ao igual que outras **especies**, é outro dos eixos desta obra. A obriga de reflexionar para acadar un equilibrio entre a visión da natureza como medio ambiente e como recurso económico humano. Nese equilibrio vaimos a vida a todos e todas.

2.4. A QUE CURSOS VAI DIRIXIDA?

ALUMNADO DE 4º DA ESO: É unha proposta que **dá** resposta aos obxectivos didácticos que **contempla** o ordenamento educativo galego actual recollido no Decreto 156/2022 que fai referencia ao **currículo** da ESO e onde se recolle como contidos transversais a toda a etapa os seguintes:

*2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a **igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual**, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.*

(...)

*4. **Evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.*

ALUMNADO DE BACHARELATO e ciclos formativos: Atendendo aos obxectivos didácticos recollidos no Decreto 157/2022 que regula na nosa Comunidade o currículo de Bacharelato e que incide nos seguintes contidos que han de ser transversais en todas as materias da etapa:

Artigo 19. Elementos transversais.

*Evítanse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan **discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**, e incorporarase **transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual**. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.*

2.5. CALES SON OS NÓSOS OBXECTIVOS EDUCATIVOS CON ESTA OBRA?

Derrubar os mitos e prexuízos que aínda existen sobre a mocidade LGTBIQ+. Segundo datos da UNESCO, mais da metade do alumnado LGTBIQ+ sofre acoso escolar nas aulas debido á súa orientación sexual, ou a que a súa **aparencia** responde a estereotipos que os asimilan a unha orientación sexual non heterosexual normativa. É por iso que son fundamentais os seguintes obxectivos específicos:

- Crear un espazo de reflexión sobre a vida e os estigmas das mozas e mozos LGTBIQ+.
- Repensar as nosas propias crenzas e actitudes sobre a mocidade lgtbiq+.
- Traballar o respecto pola diversidade, entendendo que todas as persoas somos únicas, irrepetibles e diversas no máis amplo sentido da palabra.
- Fomentar a comunicación asertiva e as relacións de bo **trato** entre o alumnado e o profesorado.
- **Dar visibilidade á necesidade** de normalizar na nosa sociedade o que xa é e sempre foi normal: a diversidade sexual e a complexidade das persoas que somos **máis** que unha etiqueta estereotipada.

Entre as competencias básicas que se traballan con esta proposta didáctica **destacan**:

- Competencias persoais, sociais e de aprender a aprender

Implica a capacidade de **reflexionar sobre un mesmo para coñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante**; xestionar o tempo e a información de forma eficaz; **colaborar con outras persoas de forma construtiva**; manter a resistencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

- Competencias cidadás

Axuda ao **alumnado a exercer unha cidadanía responsable e a participar plenamente na vida social e cívica**. Baséase na comprensión dos conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como **no coñecemento da actualidade e no compromiso activo coa sustentabilidade e a consecución de cidadanía global**.

- Competencias en conciencia e expresión cultural

Implica **comprender e respectar a forma en que as ideas, opinións, sentimentos e emocións se expresan e se comunican creativamente nas diferentes culturas e a través dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais**.

2.6. CALES SON AS NOSAS PROPOSTAS METODOLÓXICAS?

Pretendemos facer unha proposta didáctica aberta e flexible para facilitar a súa **inclusión** dentro dos distintos espazos educativos posibilitando a súa **inclusión** en actividades específicas de fomento da igualdade nos Centros pero tamén en espazos formais como os programas de titoría e o **currículo** das distintas materias achegándoo aos temas transversais e aos contidos específicos. En todo caso sempre han de entenderse como propostas que han de adaptarse de xeito individualizado ao espazo de aprendizaxe no que nos movemos.

En xeral as dinámicas de grupo que traballamos han de dotarse de sentido nun programa amplo que permita abordar os temas coa profundidade que precisan. Para desmontar estereotipos e prexuízos é importante abordar as actividades de forma programada e considerando o grupo ao que van dirixidas.

É por isto que propoñemos un amplo repertorio de actividades para que sexa **cada docente quen valore cal** é a que mais se adaptaría ao grupo ao que vai dirixida. Son ademais actividades non pechadas, abertas a adaptacións, innovacións e melloras, buscando achegarse o mais posible á realidade do alumnado ao que van destinadas.

Non queremos esquecer o valor destes contidos mais aló do ámbito **académico: son fundamentais** na formación **de cada alumno ou alumna** como persoa. Neste proceso de autoconstrución persoal vai ser fundamental a aportación do propio alumnado, a súa participación activa e o clima de aprendizaxe entre iguais que se **xere** no espazo-aula. Por iso é fundamental desenvolver as actividades nun clima favorecedor **da súa participación autónoma**, crear un espazo aberto de respecto, de escoita e de visibilidade da nosa diversidade. Sabemos que o noso alumnado está vivindo unha etapa importante na **construción** da súa identidade e sabemos tamén a importancia que nese proceso terá desenvolver un autoconcepto integrado pero autónomo dentro do grupo. Favorecer a autoestima e o autocoñecemento son obxectivos fundamentais destas dinámicas.

A función do **profesorado** será **a-de** crear un espazo seguro de reflexión no que o alumnado poida expresarse, cuestionarse e compartir dúbidas, medos, sentimentos demandas e propostas. Será tamén a de promover o **bo trato** como pauta de relación entre nós. Centrar o debate na creación **dun** espazo de reflexión sobre nós, **tamén**: de onde nace o estigma e os estereotipos en torno á comunidade LGTBIQ+? Como se configura a nosa propia mirada cara ás persoas LGTBIQ+ e de onde proceden as diferentes ideas preconcebidas que condicionan a nosa conducta?

3. DIDÁCTICAS PARA A NOSA AULA

3.1. ANTES DE VER “BROKEBACK SABUCEDO...”

Unha proposta de actividades para realizar antes da visualización da obra sería a seguinte:

1. **Investigación sobre a rapa das bestas**: pedirlle ao alumnado que investigue sobre a tradición da Rapa das bestas en Sabucedo, o seu significado cultural e como evolucionou ao longo do tempo. Poden preparar presentacións curtas para compartir coa clase, incluíndo imaxes, vídeos, datos históricos, narrativas...
2. **Discusión/debate sobre a diversidade sexual**: realizar unha sesión de debate en clase sobre a diversidade sexual. En primeiro lugar, proporcionaríamos información aos estudantes sobre a diversidade LGTBIQ+ e trataríamos o tema de fomentar o respecto e a aceptación das diferenzas.
3. **Exploración do contexto cultural galego**: oportunidade para afondar en aspectos da cultura galega como a música, a danza e a gastronomía. Ao igual que no primeiro punto, os estudantes poderían preparar pequenas exposicións sobre estes temas. Poderían incluso organizar unha pequena mostra destas expresións culturais.

3.2. DESPOIS DE VER “... PAIXÓN ENTRE BESTAS.”

Unha proposta de actividades para realizar despois da visualización da obra sería a seguinte:

1. **Análise de personaxes**: pedirlle aos estudantes que elixan a Roi e Rafa como personaxes principais e que:
 - a. Analicen como evolucionan ao longo da obra (poden apoiarse nos seus pensamentos e emocións en momentos clave da obra)
 - b. Respondan á seguinte pregunta: como inflúen as circunstancias nas súas accións e relacións?
2. **Discusión/debate sobre os temas presentes na obra**: pódese facilitar unha discusión/debate na clase sobre os temas presentados na obra, fomentando sempre a reflexión crítica, como:
 - a. Diversidade sexual
 - b. Aceptación
 - c. Desafíos sociais

Apoiarse en historias da vida real, datos, etc. para defender os diferentes puntos de vista e fomentar a discusión respectuosa.

3. **Creación de preguntas para os actores como se se tratara dunha entrevista**: poderíamos invitar ao alumnado ou propoñerlle de formular ou xerar unha serie de preguntas para os actores ou o equipo detrás da obra. Xogarían o papel de “reporteiros por un día”, pensando que preguntas facer, en que orde, cales son relevantes e cales non...

Poderían elaborar preguntas sobre a obra en si mesma ou sobre o proceso creativo detrás dela. As vantaxes de isto son que podería axudarlles a comprender mellor o arte do teatro e a toma de decisións detrás da interpretación.

4. **Realización dun traballo artístico creativo:** pedirlle ao alumnado que cree traballos artísticos e creativos baseados ou inspirados na obra para axudarlles a procesar e expresar as súas relacións emocionais:

- a. Debuxos, carteis, pósters...
- b. Poemas
- c. Cancións
- d. Outras formas de expresión artística

O alumnado pode elixir representar momentos clave da historia ou creacións libres que expresen as súas emocións despois de presenciar a obra.

5. **Redaccións ou ensaios reflexivos:** pedirlle ao alumnado que elabore un texto ou unha redacción crítica ou reflexiva onde falen sobre a importancia de abordar temas de diversidade sexual, neste caso no ámbito teatral, e como isto pode impactar na sociedade ou na percepción social.

6. **Elaborar un proxecto de aula sobre a enerxía eólica:** face que o alumnado investigue máis sobre a crítica á enerxía eólica presentada na obra. Os estudantes poderían investigar e presentar proxectos sobre:

- a. A enerxía eólica
- b. Os beneficios da enerxía eólica (vantaxes e desvantaxes)
- c. Desafíos da enerxía eólica dende unha perspectiva medioambiental e social